

VIII FESTIVAL

Rosalía**PORQUE
ASÍ SOMOS****21-22 FEBREIRO**
SANTIAGO DE COMPOSTELA**PROGRAMA****Deputación
DA CORUÑA****CONCELLO DE
SANTIAGO**



A ARTE DE ROSALÍA PINTADA NA CARA

Maquillaxe con Sisel

**21 febreiro | 11.00–14.30 h e
16.30–19.00 h**

📍 Praza de Mazarelos

Obradoiro de caracterización inspirado nos versos de Rosalía de Castro que convida a que as crianzas, despois de leren algúns dos seus poemas, escollan que maquillaxe lles gusta máis. Esta arte inspirada nos poemas de Rosalía non deixará indiferente o público asistente.



OS QUINQUILLÁNS

Paseo teatral e musical

21 febreiro | 11.30 h

📍 Saída da Pza. de Mazarelos
90 minutos

Paseo teatral e musical polos espazos de Rosalía. Rosalía de Castro e o pintor Modesto Brocos encóntranse na súa Compostela natal reparando nos espazos relacionados coa vida e obra rosaliana. Ambos son acompañados polo Luís “O Caruncho” que comparte con nós os poemas de Rosalía que musicou.



CEIBARIMAS

Obradoiro de rap
improvisado

21 febreiro | 12.00 h

📍 Praza de Mazarelos
60 minutos

Exhibición na que se mostran ao público diferentes formas de improvisar rap. Farase unha breve introdución partindo da tradición da regueifa, relacionándoa con esta disciplina máis recente. O público interactuará indicando palabras, temáticas, votando as batallas ou mesmo rapeando, se alguén se anima.



BLUES DO PAÍS

Sesión vermú

21 febreiro | 13.30 h

📍 Praza de Mazarelos
45 minutos

Somos Bieitta James, a grande Diva Rural (Iseo Agilda) e Pepe King, o Bluesmanciño (Brais das Hortas). Versionamos clásicos do Blues, Soul, Rhythm'n'Blues... e adaptámoslos á idiosincrasia galega. Si, blues en galego! Otis Redding no peirao da Coruña, Etta James mariscando en Cabo da Crus, B.B. King nun furancho de Redondela, Eric Clapton lendo Castelao... Todo é posible con Blues do País!



CHAN DA PÓLVORA

UNHA DÉCADA DE POESÍA
NECESARIA

Antón Lopo, Manuel Martínez,
Luís López Alonso, Ana Romaní,
Paula Luís, Andrea Nunes e Nuria Vil

21 febreiro | 16.45 h

📍Praza de Mazarelos
60 minutos

Hai unha década xurdiu Chan da Pólvora, proxecto que puxo a poesía no centro do discurso. Sentáronse as bases dunha editora, unha librería, un espazo de arte –Muro Döchán– e unha factoría de oralidade –ChanZo. Sobreviviu a editora e en 2026 culmina unha acción revolucionaria na forma de editar en Galicia.



CONTOESÍAS: CONTOS E POESÍAS

Dores Tembrás,
Yamini T. Prabhu, Carmen Conde e Sole Felloza

21 febreiro | 18.00 h

📍Praza de Mazarelos
50 minutos

Colaboración co Festival Atlántica. Proceso aberto á creación e á investigación artística que propón unha deriva pola obra de Rosalía con perspectiva feminista, interseccional e crítica. Catro voces que se cruzan e multiplican, celebrando a potencia creativa das mulleres e a capacidade da palabra para abrir fisuras, preguntas e futuros.



IMPROSALÍA

(IMPROVISACIÓN + POESÍA
+ HUMOR + MÚSICA)

TheMomento e
As Teimas

21 febreiro | 19.30 h

📍Praza de Mazarelos
50 minutos

Proposta de improvisación teatral e musical que, coa inspiración das suxestións do público, imaxina historias baseadas na vida e obra de Rosalía. Teatro, poesía, humor e música, nun xogo de improvisación participativo para reimaxinar e reivindicar as facetas sorprendentes dunha artista irrepitible.



LOITA AMADA

Concerto

21 febreiro | 21.00 h

📍Praza de Mazarelos
80 minutos

Loita Amada é poesía revolucionaria de base rock elegantemente revestida de punk, folk, metal, pop, ska e tradición galega. Neste concerto desfrutaremos do seu terceiro disco, *Resistir é Vencer*, onde nos deleitan co son máis pulido até o momento, que contou con colaboracións de luxo como Nuno de Grande Amore, o trikitilari Joseba Tapia ou Tanxugueiras.

21 DE FEBREIRO	11.00 h	12.00 h	13.00 h	14.00 h	15.00 h	16.00 h	17.00 h	18.00 h	19.00 h	20.00 h	21.00 h	22.00 h
Feira rosaliana												
Obradoiro de maquillaxe												
Paseo teatralizado												
Ceibarimas												
Blues do País												
Chan da Pólvara												
Contoesías												
Improsalia												
Loita Amada												
22 DE FEBREIRO	11.00 h	12.00 h	13.00 h	14.00 h	15.00 h	16.00 h	17.00 h	18.00 h	19.00 h	20.00 h	21.00 h	22.00 h
Feira rosaliana												
Xogos tradicionais												
Sempre Rosalía												
Da voz de Morgana												
De tu casa a la mía												
Concurso rosaliano												
Acordeireta												
Primavera vai chegar												
GaleRock'n'Magic												



XOGOS TRADICIONAIS DE MUIMENTA

Xotramu

22 febreiro | 11.00–14.30 h e
16.30–19.00 h

📍 Praza de Mazarelos

Achégate a descubrir os xogos tradicionais! Diversión asegurada para todas as idades, para xogar, rir e compartir. Recuperemos xuntos os xogos de sempre e pasemos un bo intre en compañía.



SEMPRE ROSALÍA

Intervención teatralizada de Producións Dispersas

22 febreiro | 11.15 h

📍 Praza de Mazarelos

35 minutos

Rosalía (Ana Ponte) e un dos seus biógrafos (Diego Freire) inician un diálogo, protagonizado por poemas de Rosalía e outros grandes nomes para coñecer a nosa autora máis universal. Fuximos da imaxe falseada e edulcorada que durante moitos anos se impuxo na sociedade, aderezado todo co noso humor “disperso”.



PRIMAVERA VAI CHEGAR

Diálogo a tres voces con
Faia Díaz, Paula Romero
e Inés Salvado.

22 febreiro | 12.00 e 16.30 h

📍 Colexio Maior de Santo

Agostiño

30 minutos

Música, poesía e o murmuro da cidade cóanse entre as pedras de Santo Agostiño, antiga sede do Liceo no que participou Rosalía na súa xuventude. Proposta para cabida reducida que busca a intimidade do espazo, as resonancias da arquitectura, a voz da poeta como eco aínda vivo e necesario hoxe.



DA VOZ DE MORGANA

Mónica Caamaño

22 febreiro | 13.00 h

📍 Praza de Mazarelos

15 minutos

Como nun legado eterno, *Da voz de Morgana* chántanos en 15 minutos o debuxo da MULLER que non foi relatado por cronistas e fabuladores. Esta é a historia de Morgana, contada na súa propia voz. A única voz na que se ve e reconece, por máis que haxa quen lembre doutro modo os feitos. Así nola entregou Begoña Caamaño.



DE TU CASA A LA MÍA

Sesión vermouth, con Uxía, Javier Ruibal e Marcos Teira

22 febreiro | 13.20 h

📍 Praza de Mazarelos
60 minutos

Retrato dunha confluencia de cultura e emocións a través dos brillantes versos de Rosalía de Castro e Federico García Lorca e da música de Uxía e Javier Ruibal. Voces de longa traxectoria e amplo espectro, enraizadas en Galicia e Andalucía, coa colaboración harmónica, experimentada e maxistral de Marcos Teira ás guitarras.



CONCURSO ROSALIANO PARA TODA A FAMILIA

Con Isabel Risco

22 febreiro | 16.30 h

📍 Praza de Mazarelos
45 minutos

Xogo para toda a familia ao redor da vida e obra de Rosalía de Castro. Descubre canto sabes de xeito divertido e consegue unha chea de premios rosalianos coa única axuda do teu móbil. Xogo participativo no que descubrir e aprender xuntos!



ACORDEIRETA

Concerto

22 febreiro | 17.30 h

📍 Praza de Mazarelos
50 minutos

Patricia González Iglesias e Alejandro Balbuena presentan un segundo álbum, *Baixo os remendos*, nós, distinto e innovador, onde se sitúan debaixo das eivas e dos problemas diarios para coselos co canto e a música. Son eles, os remendos, os alicerces. Cos seus fíos preséntannos este novo traballo composto ao longo de varios anos, sen présa, ao son do corpo.



GALEROCK'N'MAGIC

Mago Teto

22 febreiro | 19.00 h

Teatro Principal
70 minutos

Show de maxia e música. Un percorrido desde o rock do Xabarán Club, que marcou unha xeración, até bandas actuais que están poñendo de novo a música galega no máis alto. Moita música, moito humor e moita maxia nun espectáculo nostálgico para algunhas persoas, divulgador para outras e fascinante para todas.
** Entradas na billeteira do teatro desde unha hora antes ou na Zona C a partir do martes 17 de febreiro.*

**“Ben sei que non hay nada
Novo en baixo d'o ceo,
Qu'antes outros pensaron
As cousas qu'ora eu penso.**

**E ben, ¿para qu'escribo?
E ben, por qu'asi semos,
Reloñ que repetimos
Eternamente ó mesmo.”**



Rosalía, 146 anos despois deste poema continuamos a crear, a traballar e a convivir en galego, coa constancia do reloxo, conscientes de que cada segundo é novo e irrepetíbel, como os teus versos. E ben, por que? Ti nos deches a resposta, porque así somos.

A Deputación da Coruña, por medio da Área de Lingua en colaboración co Concello de Santiago de Compostela, quere tamén nesta nova edición festexar o 189 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro e o 160 da publicación do seu artigo “Las literatas”.